



CONCELLO DE REDONDELA

## **Resolución da Alcaldía**

**Expte nº:** 5989/2017

**Procedemento:** Ampliación de paso superior e contención de terras no PK 161+500 da liña 810 de Adif de Monforte de Lemos a bifurcación Chapela, Os Valos, Redondela (Plan Concellos 2017)

**Responsable:** Contratación.mgm

### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Lida a resolución da Alcaldía núm. 3007/2018 de data 30.10.2018 pola que se iniciou o expediente para a contratación da obra de Ampliación de paso superior e contención de terras no PK 161+500 da liña 810 de Adif de Monforte de Lemos a bifurcación Chapela, Os Valos, Redondela, incluída no Plan de obras e servizos (Plan de Concellos) 2017, cun orzamento que ascende a 143.392,29 euros máis o IVE por importe de 30.112,38 euros, o que fai un total de 173.504,67 euros, a licitar mediante procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Resultando que por resolución deste mesmo órgano núm. 669/2017 do 20.03.2017 aprobouse o proxecto técnico da obra, de febreiro de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Sergio Couto Wörner (K2 Estudio de Ingeniería, SL).

Concedida, mediante acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra do 04.08.2017, a cantidade de 173.504,67 euros para a execución do investimento denominado *Ampliación de paso superior e contención de terras no PK 161+500 da liña 810 de Adif de Monforte de Lemos a bifurcación Chapela, Os Valos, Redondela* con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan de Concellos) 2017.

Vista a Concesión administrativa de Adif para a ocupación do dominio público ferroviario e a Dilixencia de notificación da resolución de Adif pola que se procede ao outorgamento da autorización para a execución das obras.

Replaneada a obra (acta de trazado previo asinada polo redactor do proxecto técnico con data 20.03.2017), redactado o prego de cláusulas administrativas particulares e emitida pola Intervención municipal, con data 27.06.2018, certificación que acredita a existencia de crédito axeitado e suficiente por importe de 173.504,67 euros na aplicación 1531A/6190008 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela vixente.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral municipal accidental núm. 110/2018 (CV 5G7HKCEJW369E4A7ATD9CG2JS) de data 02.11.2018.

Lido o informe do interventor municipal con referencia ASR-05.11.18.1 (CV ARNNSM7YY4MGZNFZ6X5EYNFXR), do 05.11.2018, que consta de dúas páxinas, con antecedentes, catro consideracións e conclusións e no que fai constar que, agás ao relativo ás modificacións introducidas no PCAP ás que se refire na terceira consideración, segue vixente o seu informe anterior con referencia ASR-28.06.18.1 (CV 434AKXPDW7Q6DF5SCW3QTD7), do 28.06.2018, que constaba de nove páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e cinco consideracións e conclusións.



Esta Alcaldía, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente,

### **RESOLVE**

**Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares**, de data 02.11.2018 (CV 4QY6YACJM9JG9EQTKKEJM2DP3).

**Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto** con cargo ao crédito existente na aplicación **1531A/6190008** do estado de gastos do orzamento para ao ano 2018.

**Terceiro.-** Dispoñer a **apertura do procedemento de adxudicación**, polo **procedemento aberto simplificado** por razón da súa contía, previsto no artigo 159 da LCSP, para a contratación da obra de **Ampliación de paso superior e contención de terras no PK 161+500 da liña 810 de Adif de Monforte de Lemos a bifurcación Chapela, Os Valos, Redondela**, incluída no **Plan Concellos 2017**, de acordo co proxecto técnico da obra, de febreiro de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Sergio Couto Wörner e aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 669/2018 do 20.03.2018, e co prego de cláusulas administrativas particulares que se aproban, e que se consideran, ambos os dous, parte integrante do contrato, fixando o **tipo de licitación en 143.392,29 euros**, máis o IVE do 21% por importe de 30.112,38 euros, o que fai un **total de 173.504,67 euros**.

**Cuarto.-** Segundo se dispón no artigo 135 da LCSP, **insertar anuncio e pregos no perfil do contratante** do Concello de Redondela, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, establecendo un **prazo de vinte (20) días naturais** contados dende o seguinte á data de inserción do anuncio de licitación como límite **para presentar proposicións**.

**Documento datado e asinado electronicamente á marxe**